



NORMAS DE FUNCIONAMENTO DO SERVIZO DO COMEDOR ESCOLAR

O comedor escolar concíbese como unha actividade máis do Centro, con carácter pedagóxico e formador de bos hábitos de hixiene e alimentación.

O comedor funcionará no Curso 2016-2017 dende o día 13 de setembro. Nos meses de setembro a xuño o horario de recollida dos nenos e nenas será de 15,00 h a 15,30 h. pola portería principal do Colexio.

Durante o curso escolar, haberá dous turnos de comidas:

- a) Infantil e 1º, 2º e 3º Primaria ás 13,30 h.
- b) 4º, 5º e 6º de Primaria, ESO e BAC, ás 14,30 h.

Normas de funcionamento:

1.- Se algún neno/a necesita un réxime especial algún día, traerá a solicitude do mesmo por escrito, e será entregada na portería do colexio antes das 10:30 h.

2.- **Todos aqueles alumnos/as que teñan algún problema de alimentación (celíacos, alerxias, intolerancias ...), traerán un certificado médico que indique os alimentos que non poidan inxerir e que será entregado aos responsable do servizo antes do 1 de outubro.**

3.- Se algún neno/a necesita tomar medicación, traerá a medicina debidamente marcada, así como as doses que precise, debidamente indicadas. Nunca se lle dará medicación a ningún neno/a, se non trae un certificado médico e a autorización por escrito dos seus pais ou titores.

Nunca levarán as medicinas á aula. Serán entregadas na portería do colexio antes das 10,30 h.

4.- Traerán un neceser coas cousas básicas de aseo: pasta de dentes, cepillo, ...



- 5.- Os alumnos/as de 4º de Infantil, traerán unha mantiña fina, debidamente marcada co seu nome e metida nunha bolsa, para poder durmir despois de comer.
- 6.- Todo o alumnado do colexio, poderá comer días soltos, comprando o tiket antes das 10,30 h. na portería do colexio.
- 7.- As nenas/os que faltan algún día teñen que xustificar a falta por escrito.
- 8.- As actividades e servizos que se utilicen no colexio, **COMPROMETEN** durante todo o período establecido.
- 9.- As nenas/os estarán atendidos por persoal do centro e persoas contratadas para o coidado específico do servizo de comedor.
- 10.- Os menús serán publicados mensualmente na páxina web e na portería do colexio.

Normas de convivencia:

- 1.- Entrarán no comedor sen alborotar, procurando sentarse con corrección.
- 2.- No comedor respectarán as normas de orde e hixiene e comerán todo o que se lles sirva.
- 3.- Ningún neno/a poderá saír do recinto escolar no período do comedor. Terán que estar onde se lles indique coas persoas que os coidan.
- 4.- Lavarán as mans antes de entrar no comedor e lavarán os dentes despois de comer.
- 5.- Na mesa manterán bos modais, utilizando os cubertos de maneira adecuada.
- 6.- Durante a comida non se levantarán da mesa sen permiso das persoas coidadoras do comedor.
- 7.- Contribuirán a manter a mesa o máis limpa posible, colaborando coas persoas que lles serven.
- 8.- Ao rematar levantarán as mesas e sairán en orde cara onde lles indiquen.

